Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/13/2022	GOB16I078	
0R4B6K1E15486S1X1637		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA SETE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** MARIÁN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do sete de abril de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.- Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"ASUNTO: Solicitude de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2022 a Xunta de Galicia.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta á Alcaldía :

ANTECEDENTES:

Desde hai máis de 10 anos, o Concello de Narón expón anualmente o grao de realización dos proxectos cofinanciados pola Comunidade Autónoma e o Ministerio de Traballo en canto ás prestacións básicas de servizos sociais, paso necesario para realizar a solicitude de subvención para o seguinte exercicio.

Actualmente, esta xustificación e solicitude está regulada polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Unha vez xustificado polo Servizo Sociocomunitario Municipal a anualidade correspondente ao ano 2021, compre realizar a solicitude de financiamento para o exercicio 2022. A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para a solicitude de subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano imposibilita a súa aprobación, antes do prazo límite de presentación da solicitude na aplicación da Xunta de Galicia, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores poderán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (….) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (….).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación de aprobación da solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, , sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
-Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo.
-Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
-Decreto 148/2014 de 6 de novembro , polo que se modifica o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
-Orde 14 de decembro de 2021 polo que se modifica o módulo de financiamento do SAF para dependentes. Dog nº 242 de 20/12/2021.
-Orzamento do concello de Narón en vigor.

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario , propón á Alcaldía que resolva:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a aprobación da Solicitude de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2022, á Xunta de Galicia.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2022, por un importe de 6.254.131,01€ co seguinte detalle:

Concepto	*Importe total*	*Achega municipal*	*Subvención solicitada*
Persoal	*1.341.595,82*	*958.018,82*	*383.577,00*
Mantemento	*5.000,00*	*2.500,00*	*2.500,00*
Axuda no fogar libre concorrencia	*45.550,00*	*18.050,00*	*27.500,00*
Axuda no fogar Dependencia	*2.324.700,00*	*584.676,00*	*1.740.024,00*
Programas	*2.537.285,19*	*1.932.252,38*	*605.032,81*
TOTAL	*6.254.131,01*	*3.495.497,20*	*2.758.633,81*

3º.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4º.- O Concello de Narón comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2022 na contía de 3.495.497,20 que supón unha porcentaxe do 55,89% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º Dar conta de este acordo a Xunta de Goberno Local."

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal con data 30-03-2022(ICO16I03J), o informe proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 22/03/2022 (SSO16I0JI) do expediente SSO/8/2022, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**
Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

Asinado dixitalmente por:
Marían Ferreiro Díaz
A alcaldesa-presidenta
30-03-2022

Ante min, (Dou fe da ientidade do asinante)
O Secretario xeral
Alfonso de Prado Fernández-Canteli.
30-03-2022

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3 **.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLITICA LINGÚISTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÚISTICA EN 2022.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O día 30-03-2022 a xefa de Recursos Humanos e Patrimonio elevou á Concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe-proposta co código ASI16I08L, do expediente ASI/57/2022, que literalmente di:

"INFORME-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2022

Logo de ver o anuncio do 30 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (Orde do 17 de marzo de 2022), quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Solicitar a subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2022, de acordo co seguinte plan de financiamento:

Custos totais de persoal	58.212,97 euros ▪ Salarios: 44.350,14 euros - aplicacións orzamentarias 92000 13100 e 9200 13105 ▪ Seguridade Social: 13.862,83 euros - aplicación orzamentaria 92000 16000
Subvención concedida da Deputación da Coruña	15.000 euros
Achega do concello	0 euros
Contía da subvención solicitada	43.212,97 euros

Segundo.- No caso de ser concedido o importe da subvención por debaixo da cantidade solicitada non suporá a renuncia á subvención pois o gasto de persoal está incluído no orzamento do concello de 2022.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Cuarto.- Facultar á señora alcaldesa-presidenta para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para formalizar a subvención."

Logo de ver o informe-proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO16I03X, esta concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DAS TAXAS POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE MARZO DE 2022**.-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de marzo de 2022, cun total de 221 contribuíntes e por importe de 22.512,69 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de marzo de 2022, cun total de 4 contribuíntes e por importe de 333,35 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE MARZO DE 2022**.-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECEMENTO ACTIVO) do mes de marzo de 2022, cun total de 297 contribuintes e por importe de 2.420,55 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, OBRADOIROS DE ROBÓTICA, COROS,

ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de marzo de 2022, cun total de 170 usuarios e por importe de 1.385,50 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es